BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE AXUDAS A EMPRESAS DA ZONA URBAN PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS, RÓTULOS E MELLORA DE FACHADAS (Proxecto 09UR4201 AXUDAS A LOCAIS DE NEGOCIO).

0. INTRODUCIÓN

O Concello de Lugo está a executar un Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) co cofinanciamento do 80% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013) cuxo obxectivo é o desenvolvemento integrado do centro histórico da cidade no seu ámbito coincidente coa área PEPRI. O eixe de intervención destinado ao Desenvolvemento do tecido económico no que se encadra esta actuación acollida ao réxime de minimis (Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión, DOL Nº 379 de 28/12/2006), contempla a mellora da paisaxe urbana a través de actuacións en elementos como a cartelería, fachadas e escaparates dos locais de negocio, obxectivo ao que estas axudas que se convocan dende o ano 2009, están a contribuír de forma moi notable. En 2014 dáse continuidade ao apoio aos investimentos relacionados con restos arqueolóxicos e as actuacións en patios de fachadas, especialmente as que dan ao adarve da muralla.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Con esta convocatoria de axudas preténdese incidir sobre algúns aspectos que condicionan en boa medida a paisaxe urbana das rúas máis comerciais do centro histórico concedendo financiamento a fondo perdido para a adquisición do mobiliario que se instale nas novas terrazas de hostalaría, a instalación ou cambio de rótulos e toldos de locais de negocio e a remodelación da fachada, incluíndo instalación ou reposición de elementos de ventás arqueolóxicas e os traballos arqueolóxicos necesarios, situadas en zonas de acceso público dos negocios, mesmo se están no interior do local.

2. EMPRESAS BENEFICIARIAS

Poden solicitar esta liña de axudas as pemes (empresa que se axuste á definición de peme da Recomendación da Comisión 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003, DOL 124, 20-05-2003, independentemente da súa forma xurídica, incluíndo comunidades de bens) que desenvolvan a súa actividade nun local da zona URBAN (área PEPRI). No caso de placas conxuntas en fachadas na vía pública (directorios para a instalación de placas de negocios en xeral) poden solicitar a axuda a propiedade do edificio ou locais afectados (persoa física ou xurídica ou comunidade de propietarios), a asociación de empresarios ou comerciantes que formen os interesados (por exemplo en casos de galerías comerciais) ou calquera dos profesionais ou establecementos sempre que, en calquera dos casos, sexa unha peme ou unha persoa física.

Están excluídas:

- As empresas de sectores excluídos da normativa minimis.
- As empresas que incorran nalgunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
- Os locais nos que se desenvolva unha actividade non prevista na normativa urbanística vixente para esa situación.
- Aquelas cuxa actividade unicamente consiste no aluguer de local para o desenvolvemento doutra actividade económica.

- Non será subvencionable o mobiliario de terrazas xa autorizadas con anterioridade a 2014 ao mesmo titular.

3. FEITO E GASTOS SUBVENCIONABLES
A través desta liña de axudas concederanse axudas a fondo perdido para:

A) Liña A Mobiliario de Terrazas: adquisición de mobiliario destinado ás novas terrazas dos establecementos hostaleiros, incluíndo mesas, cadeiras, calefactores, elementos de división e parasoles. Ningún destes elementos terá acabados brillantes. En todas as terrazas quedará garantido o acceso a persoas con diversidade funcional.

- MESAS. Subvencionaranse os seguintes modelos:
Mesa 1: estrutura de tubo de aluminio de sección cadrada pintada en epoxi en cor gris claro mate con catro patas fixas. Encimeira cadrada en madeira, sen rebaixes nos bordos.
Mesa 2: estrutura de sección cadrada e encimeira cadrada sen rebaixes nos bordos, toda ela de madeira. Poderá ser pregable.
Mesa 3: encimeira de madeira cadrada. Pé en gris rematado mate de aproximadamente 1 m de altura.

- CADEIRAS. Subvencionaranse os seguintes modelos:
Cadeira 1: estrutura de tubo de aluminio de sección cadrada pintada en epoxi cor gris clara mate. Asento e respaldo independentes con lamas de madeira. As lamas (tanto no asento coma no respaldo) poden estar unidas nos seus dous extremos por outras dúas lamas perpendiculares conformando a madeira unha peza unida (unha para o asento e outra para o respaldo) que á súa vez estará enmarcada polo tubo de aluminio polos catro lados. Toda a cadeira terá liñas rectas. Poden ter sobrebrazos que serán de madeira.
En asento e respaldo caben outras solucións de madeira que acheguen idéntica robustez e acabado coidado, ocultando parafusos e empalmes ou non xerando ocos que prexudiquen a durabilidade da madeira, solucións que deberán ser en todo caso valoradas pola Comisión.
Cadeira 2: estrutura completa de madeira de sección cadrada con lamas de madeira en asento e respaldo. Poderá ser pregable e ter brazos.
Cadeira 3 (Tallo): estrutura de sección cadrada de madeira ou de tubo de aluminio pintado en epoxi cor gris claro mate con ou sen brazos. Asento e respaldo (opcional) de lamas de madeira.

- ELEMENTOS DE DIVISIÓN OU CORTAVENTOS. Terán perfís de sección cadrada ou rectangular de madeira a xogo co modelo de mesa e cadeira elixidas ou de aluminio gris mate, con cristais de seguridade en toda a súa altura sen divisións, e non serán autorizables os panos cegos. Cada elemento terá forma rectangular con perfís rectos e unha altura máxima de 1,50 m. Non poderán ter chafráns, curvas ou remates decorativos. Terán resolta a estabilidade ao xiro mediante pés de madeira ou metal e non poderán lastrarse con ningún tipo de contrapesos.

- **PARASOLES**. Serán cadrados ou rectangulares sen chafráns nin faldróns. A tea será de cor RAL 1001 (utilízase esta escala cromática de referencia ao non existir ningunha

escala utilizada de forma universal para os tecidos). Terán mastro central de aluminio pintado en gris mate ou en madeira a xogo co mobiliario e as mesmas características (forma, tamaño, altura, etc) que as das terrazas contiguas ou do ámbito próximo que cumpran o sinalado nestas bases.

- CALEFACTORES. Estarán lacados en cor gris mate a xogo co mobiliario ou en branco.

Subvencionarase igualmente o seguinte mobiliario para algunhas zonas diferenciadas ou que se aprobe con posterioridade. En ningún caso se considerará para establecementos de xeito individual nin en espazos nos que xa existan outras terrazas adaptadas.

Mobiliario para a zona da Tinería que inclúe:

- Rúa do Miño ata a intersección con Rúa Falcón
- Travesía do Miño
- Rúa da Tinería
- Rinconada do Miño
- Carril dos Fornos

Ademais dos modelos especificados, nesta zona subvencionaranse os seguintes:
- **Mesa 4**: estrutura de tubo de sección cadrada de aluminio en cor antracita e liñas rectas. Encimeira de madeira ou ratán con cristal.
- **Cadeira 4**: estrutura de tubo de aluminio de sección cadrada de liñas rectas con asento e respaldo en ratán. Pode ter ratán noutros planos verticais (por exemplo unindo os brazos co asento). Toda ela en cor antracita. Pode levar sobrebrazo en madeira.

Mobiliario para a Praza de San Marcos
Neste espazo subvencionaranse unicamente as mesas, cadeiras, parasoles e separadores que respondan ás especificacións técnicas dos Anexos III e IV. Non hai especificacións técnicas especiais para outros elementos como as estufas.

Mobiliario para a Praza Maior
Para esta zona subvencionarase unicamente (aplicable ás tres grandes terrazas do lateral norte da praza):
- Mesas: axustaranse ao modelo "Mesa 1" coa variante de cor en gris antracita.
- Cadeiras: axustarase ao modelo "Cadeira 1" coa variante do material en asento e respaldo que será de ratán.

B) Liña B de Rótulos e toldos de fachada:

Subvencionarase:

- **A instalación ou cambio de rótulos** e anuncios de locais en planta baixa que dean á vía pública dos considerados no artigo 127 a) e b) do PEPRI que non teñan iluminación (interior ou exterior) nin estean preparados para que a poidan ter, da seguinte natureza:
  1. Nunha franxa encaixada baixo o lintel do oco de fachada remetida respecto á cara exterior do recercado ou do muro, incluíndo tamén os rótulos de letras soltas cando se autoricen.
  2. En placas pegadas a muros de fachadas.

Atendendo á normativa específica das farmacias, subvencionaranse tamén as bandeirolas para estes establecementos que, axustándose ás características técnicas do artigo 128 do PEPRI e ás que se sinale na licenza, estean executadas nun caixón monocasco pechado (pintado en RAL 6009 satinado) coa cruz e a palabra "farmacia" caladas en laser e con vinilo verde esmeralda. Terá iluminación interior.

- Non terán dereito a subvención:
  1. Outro tipo de bandeirolas agás as das farmacias (anuncios perpendiculares ao plano de fachada). A concesión da axuda leva consigo o compromiso de non instalar os elementos non subvencionados (iluminación e bandeirolas) no prazo mínimo de catro anos.
  2. As actuacións parciais sobre os rótulos que non supoñan a perfecta adecuación ás normas establecidas nestas bases de toda a cartelería do negocio ou, en caso de directorios de edificios, de todos os rótulos do edificio.

- **A instalación de toldos** en vías peonís con altura superior a 2,8 m en calquera dos seus puntos, tal como esixe o PEPRI. Os toldos subvencionados serán de cor RAL 1001 e poderán levar no seu extremo inferior un faldrón dun máximo de 20 cm con bordo recto sen máis elementos que, se se desexa, o rótulo do establecemento en letras preferentemente de cor marrón, branca ou negra. Na concesión da axuda poderase limitar a medida de extensión máxima do toldo. Será subvencionable o cambio da tea unicamente se é para adaptar a súa cor ao RAL 1001.

C) Liña C de Fachadas: Investimentos para a adecuación de fachadas (incluído, se é o caso, patio e peche) de locais de negocio accesibles e visibles dende a rúa (tamén fachadas fronte á muralla), situados en planta baixa aínda que a intervención se pode estender a pisos superiores se a actividade ocupa todo o edificio ou unha parte que poida ter un tratamento independente. Nese caso poderanse incluír actuacións sobre caneiros e baixantes, aínda que non se subvencionará unha intervención sobre eses elementos ou outros de forma illada (como persianas de seguridade) se non supón unha mellora estética da fachada. Non se inclúen as actuacións sobre cubertas agás en construcións en patios vinculados integramente á actividade económica. A intervención pode abranguer todos os elementos exteriores á liña de escaparate e porta de acceso aínda que estean retranqueados sobre o plano de fachada, salvo no caso de investimentos vinculados ás ventás arqueolóxicas que poden estar no interior respecto á liña de fachada, aínda que sempre en lugares de acceso público en horario de comercio. Serán subvencionables os gastos derivados do tratamento dos residuos das obras e os honorarios profesionais coas limitacións expresadas nestas bases.

Os investimentos non poden iniciarse con anterioridade á solicitude de axuda (data de entrada en rexistro) no caso da Liña C (fachadas), aínda que pode estar solicitado ou concedida a licenza de obra con anterioridade. No caso das Liñas A e B inclúense todos os investimentos, que aínda podendo ter licenza de obra de 2013 no caso dos rótulos e toldos, estean facturadas e pagadas dende o 1 de xaneiro de 2014.

4. PARTICULARIDADES SOBRE OS GASTOS OBXECTO DE SUBVENCIÓN

- Nos honorarios profesionais incluiranse os honorarios do persoal técnico que realice os seguintes traballos: redacción de proxecto de obra, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde. Aos únicos efectos do cálculo da axuda, computarase o seguinte importe máximo de honorarios de profesionais: o 4% do presuposto de execución material da obra incrementado por un importe fixo de 500 €.
- Inclúese como gasto a licenza de obra e outras taxas que constitúan un gasto non recuperable sempre que estean vinculadas á execución da inversión, non ao desenvolvemento da actividade.
- Inclúese entre os gastos subvencionables a retirada de calquera tipo de cartel ou bandeirola e toldo no local de planta baixa sobre o que se actúa, cun importe máximo de 100 €.
- En ningún caso se incluirá o IVE. Non se financiarán bens de segunda man nin gastos non admitidos pola lexislación tanto comunitaria como nacional como os financeiros, recargas, multas, etc.
- Se se considera que algún dos gastos propostos ten un importe maior ao de mercado, axustarase o mesmo á baixa. Esta comparación poderase facer cos prezos doutras solicitudes ou solicitando dous novos presupostos de distintas empresas. A oficina URBAN poderá enviar os novos presupostos ao solicitante para o seu coñecemento e elección aínda que o cálculo da axuda se fará sobre o prezo axustado a mercado. No caso de obras servirán como referencia os que figuran na última Base de Prezos de Construción Galicia do Instituto Tecnolóxico de Galicia e o último catálogo de prezos de rehabilitación do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia.
- Os locais nos que se fagan as reformas deberán manter o seu uso empresarial durante un período mínimo de cinco anos. No caso do mobiliario, este deberá manterse vinculado á actividade económica do beneficiario dentro da zona URBAN por un período mínimo de tres anos.
- Todos os gastos subvencionados (facturas, recibos de taxas) e os pagamentos serán de 2014.
- Cando algún dos investimentos sexa igual ou superior de 50.000 € no caso de obras ou 18.000 € no caso das subministracións, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación, salvo nos casos que se realizase con anterioridade á publicación destas bases. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

5. IMPORTE DA AXUDA

A axuda será do 50% do total de gastos considerados a fondo perdido no caso de microempresas e pequenas empresas e do 40% no caso de medianas empresas, cos seguintes límites por cada tipo de actuación:

a) Mobiliario de terrazas: importe máximo de axuda: 15.000 €

b) Rótulos e toldos de fachada. Importe máximo de axuda: 4.000 €

c) Fachadas: importe máximo de axuda por m2 de fachada tratada: 300 €. Para estes efectos utilizarase a dimensión do plano de fachada medido no alzado, sen considerar as superficies xeradas por retranqueos. Se a actuación inclúe investimentos vinculados a ventás arqueolóxicas (obra civil e restauración de

restos) este presuposto estudarase de xeito independente sen afectalo este límite. En patios de fachada principal, incluído peche, o límite máximo por m2 é de 120 €.

Cada empresa beneficiaria pode recibir unha axuda máxima para un local de 15.000 € nun ano.

En virtude dos límites impostos pola normativa minimis, a axuda recibida non pode facer que o importe total de axudas deste tipo recibidas durante un período de tres anos sexa superior ao límite de 200.000 €, agás as axudas ás empresas que operan no sector transporte nas que este límite será de 100.000 €.

6. PRESUPOSTO

Dótase esta convocatoria con 100.000 € con cargo á aplicación 244.00/770.00 do presuposto municipal de 2014.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado do Anexo I dispoñible no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, Rolda da Muralla nº 197 en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres). Presentarase cumprimentado en todos os seus termos no mesmo lugar ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992 dende o día seguinte da publicación no BOP ata o 20 de xuño de 2014 e sempre antes do inicio das obras obxecto de axuda.

Á devandita solicitude acompañarase orixinal e copia para a súa compulsa de:

- NIF da empresa.
- DNI do/da representante e poder.
- No caso de obras ou da instalación de rótulo ou toldo, título de propiedade ou permiso do/ da propietario/a (se non é a persoa solicitante) para realizar as obras que se pretenden.
- Os seguintes documentos sobre a intervención:
    - No caso de obras en fachadas: memoria, presuposto aceptado por un contratista, medicións, prezos unitarios e planos abondos que permitan a perfecta comprensión da intervención: materiais a utilizar, dimensións, acabados, cores, etc. Sempre se incluirá un alzado da fachada no que estea ben delimitado o local sobre o que se vai intervir.
    - Outros investimentos: presupostos asinados polas empresas provedoras. Estará detallado a nivel de custo por unidades e cunha descrición tal que permita a obtención de presupostos doutros provedores para os efectos de comprobar que o seu importe non é superior ao de mercado. Achegarase tamén a documentación gráfica suficiente, fotografías e esbozo con medicións para a perfecta comprensión da intervención.
    - Presupostos doutros gastos e valoración das taxas vinculadas á inversión que constitúen gasto non recuperable.
- No seu caso, fotografías en formatos dixital e papel da situación inicial que se vai modificar.
- No caso de que a persoa solicitante opte por non autorizar o Concello de Lugo a realizar as consultas sobre a súa situación de estar ao corrente de pagamentos

coas administracións públicas, deberá achegar os certificados emitidos en soporte papel pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Seguridade Social e a Xunta de Galicia nos que se certifique tal extremo.

En aplicación do principio de simplificación administrativa, a documentación xa presentada en anteriores procedementos tramitados pola Oficina URBAN, non terá que presentarse de novo se está vixente e non sufriu modificación. Nese caso deberá especificarse o expediente no que figura.

Poderase solicitar toda a información que se considere necesaria para a comprobación do cumprimento dos requisitos e a correcta valoración da intervención. Dende o Concello comprobarase que a persoa solicitante non ten débedas co propio Concello de Lugo. Igualmente, no momento da xustificación da subvención, o Concello comprobará que o local está habilitado para o desenvolvemento da actividade.

8. FASES DE RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes de axuda resolveranse nunha única fase tras a finalización do seu prazo de presentación.

9. VALORACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

Unha Comisión de Valoración formada pola Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, o Concelleiro de Urbanismo, a directora e unha técnica do Proxecto URBAN e dous técnicas/os de arquitectura, comprobará o cumprimento dos requisitos expresados nestas Bases e realizará unha prelación destas (se fose necesario por falta de crédito para atender todas as solicitudes) cos criterios e puntuacións máximas que se expresan nesta base. No caso de ausencia dun dos Concelleiros que integran a Comisión, este será substituído pola Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

- Atenderanse en primeiro lugar as solicitudes da Liña A. A prelación das solicitudes nesta Liña será a da orde de solicitude (data de entrada en rexistro). As solicitudes que se reciban por medios nos que non quede constancia a hora de presentación ordenaranse por orde alfabética tras a última entrada do día con referencia de hora.
- A continuación, atenderanse as solicitudes da Liña B. A prelación das solicitudes conseguirá o mesmo criterio que na Liña A.
- Por último, atenderanse as solicitudes da Liña C. A prelación das solicitudes farase seguindo os seguintes criterios de puntuación:

  1. Impacto visual da intervención, medido a través da porcentaxe de superficie da fachada sobre a que se actúa …… 40 puntos
  (a Comisión de valoración puede rexeitar aquelas intervencións sobre as que estime que a inversión proposta non supón unha mellora estética da fachada)
  2. Baixo de edificio en parcela lindante co futuro paseo interior da muralla …… 30 puntos
  3. Locais situados en Burgo Medieval ……..10 puntos
  4. Locais situados no ensanche decimonónico …….. 5 puntos
  5. Locais situados no ensanche recente …… 2 puntos

Se o crédito consignado fose suficiente, non se realizará unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos.

No caso de que haxa que desestimar solicitudes por falta de presuposto, incluirase na resolución unha relación de solicitudes que cumpren todos os requisitos ordenadas para os efectos da concesión para que, en caso de renuncia dalgunha das empresas beneficiarias, poder acordar a concesión as persoas solicitantes seguintes, segundo o previsto no artigo 63 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo.

Se por falta de crédito unha das solicitudes se puidese atender só nunha parte, deberá xustificar unha inversión mínima axustada á baixa á porcentaxe de axuda concedida, o cal se comunicará coa concesión.

As solicitudes presentadas en tempo e forma e non resoltas expresamente dentro dos seis meses seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, entenderanse denegadas, sen prexuízo da obriga expresa de resolver que o artigo 42.1 da Lei 30/1992 atribúe á Administración.

Correspóndelle á Comisión de Valoración a interpretación destas Bases no espírito perseguido por estas normas e poderá:
- Establecer condicionantes de necesario cumprimento para a concesión da axuda nalgún aspecto da intervención proposta como medidas, acabados ou outros xustificado na calidade estética.
- Achegar unha solución viable a cada caso axustándose ao espírito destas Bases.

Tal como sinala o artigo 29.4 da ordenanza municipal de subvencións do Concello de Lugo, para as subvencións tramitadas en réxime de concorrencia "A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa".

10. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA AXUDA

Para a xustificación da axuda, antes do 23 de decembro de 2014, a empresa beneficiaria presentará nos mesmos lugares sinalados para a solicitude, unha relación de todos os gastos segundo o modelo do Anexo II e orixinais e copia para a súa compulsa da seguinte documentación:

- Facturas conformadas pola empresa beneficiaria acompañadas no caso de obras da certificación (relación valorada) dos traballos realizados ou referencia ao presuposto aceptado se non hai ningunha variación.
- Xustificante de pagamento de gastos admitidos por un importe polo menos igual ao da inversión a xustificar máis o IVE correspondente con data anterior á de finalización do prazo de xustificación da axuda (**XUSTIFICANTE BANCARIO** NO QUE ESTEA PERFECTAMENTE IDENTIFICADA A TRANSACIÓN). Non se admitirán pagamentos por caixa, salvo nos pagamentos de licenzas e taxas. Poderase propoñer o endoso da axuda a favor dunha empresa provedora por importe máximo do gasto subvencionado en cada factura. Se se acepta, tanto polo

provedor coma polo Concello, non será necesaria a presentación de xustificantes de pagamento da parte endosada. Os xustificantes de pagamentos telemáticos deberán estar conformados pola entidade bancaria.
- Fotografías en formatos dixital e papel da situación final e outras nas que se poida comprobar que se cumpriron as medidas de publicidade sinaladas nestas Bases.
- Declaración baixo responsabilidade actualizada á data (seguindo o modelo presentado no momento da solicitude) doutras axudas concedidas ou solicitadas.
- No seu caso, xustificante do correcto tratamento dos residuos (reutilización, entrega a empresa autorizada de tratamento, declaración da empresa provedora con detalle das empresas ás que fai a entrega, punto limpo, etc).
- Certificado emitido pola entidade bancaria onde figuren os datos da conta designada pola beneficiaria para o ingreso da axuda.

As facturas e recibos de licenzas e taxas orixinais devolveranse estampilladas con indicación do importe subvencionado en cada gasto.

Nos casos de obras, o Concello comprobará que ten autorizada licenza de obra e que a intervención realizada se axusta á licenza concedida, tanto polo presuposto declarado coma polo contido da intervención.

Nos casos das terrazas, o Concello comprobará que ten autorización para a súa explotación.

En caso de que o gasto ou o pagamento xustificado sexa menor á inversión presentada e aceptada en cada unha das liñas, a axuda axustarase á baixa na mesma proporción na que se reduce a inversión ou o pagamento. Se a diferenza é debida a traballos non executados, pódese someter a xuízo da Comisión de Valoración se procede propoñer a perda de dereito ao cobramento da axuda por incumprimento da finalidade.

Considérase que se perdeu o dereito ao cobramento da axuda se non se obteñen as licenzas de obra municipais ou o permiso para a explotación dunha terraza. O cumprimento das medidas de publicidade e o correcto tratamento dos residuos é requisito indispensable para o mantemento da axuda.

11. SUBCONTRATACIÓN

Pola natureza da actividade subvencionada está permitida a subcontratación do 100% da actividade subvencionable. No caso de persoas ou entidades provedoras vinculadas co beneficiario segundo os casos recollidos no artigo 68 do Real Decreto 887/2006, estes gastos só serán subvencionables cando se realicen de acordo coas condicións de mercado e se autorice no momento da concesión da axuda. Para iso o solicitante debe facilitar a información e pedir a autorización no momento da presentación de solicitude de axuda.

12. PUBLICIDADE DA AXUDA RECIBIDA

A empresa beneficiaria deberá realizar as seguintes medidas de publicidade:
- No caso de obras, a empresa beneficiaria colocará sobre a fachada unha lona informativa cos logotipos das entidades que participan e os datos referentes á intervención.

- En todos os casos, se colocará nun lugar visible da fachada (cristal do escaparate, porta ou outro lugar o máis visible posible dende a rúa) ata a finalización do Proxecto URBAN un adhesivo alusivo ao financiamento obtido que non terá unha dimensión superior a 15 cm x 15 cm.

Tanto os carteis como os adhesivos serán facilitados pola Oficina URBAN. A empresa beneficiaria asume a obriga e o custo da instalación.

Ao obxecto do cumprimento tanto da normativa nacional como comunitaria, farase a máxima difusión de beneficiarios e os importes de axudas concedidas, entre os que o Concello, en aplicación da lexislación nacional sobre subvencións, publicará na web (www.lugo.es/urban) e no Boletín da Provincia a relación das axudas concedidas. Ademais destas listas públicas de beneficiarios, a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, como Autoridade de Xestión do FEDER en España, utilizará esa información para elaborar novas listas públicas incluíndo todos os beneficiarios do FEDER en España.

13. COMPATIBILIDADE, SEGUIMENTO E CONTROL DAS AXUDAS CONCEDIDAS

- Esta liña de axuda é compatible con outras axudas da mesma natureza sempre que a suma dos importes concedidos non faga que se superen os límites sinalados pola lexislación nacional ou comunitaria. Para estes efectos, dende a Oficina URBAN do Concello de Lugo realizarase o seguimento das axudas de minimis dos últimos tres anos para o cal, ademais da declaración realizada pola persoa solicitante, podería facer as consultas de comprobación que estime oportunas con outras administracións.
- As empresas beneficiarias deben cumprir todas as obrigas que establece para os beneficiarios o artigo 14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e a normativa comunitaria, tales como realizar as actuacións requiridas, xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións sinalados nas bases, conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, someterse ás actuacións de comprobación, etc. A obriga de conservación de documentación mantense ata tres anos despois do peche do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, en aplicación da normativa comunitaria.
- A Dirección do Proxecto URBAN do Concello de Lugo por iniciativa propia ou a instancia doutros organismos nacionais ou comunitarios, poderá realizar as accións de inspección e control e solicitar os documentos necesarios para garantir o cumprimento das finalidades perseguidas pola presente convocatoria.
- Se unha vez pagada a axuda se observase algún incumprimento, requirirase a empresa beneficiaria o importe indebidamente cobrado máis os intereses legais devengados e os incrementos sinalados na lexislación vixente, tendo a consideración de ingreso de dereito público (art. 38 da Lei 38/2003).

Asdo. Sonia Méndez García
Tta. de Alcalde Delegada da
Área de Economía, Emprendemento,
Autónomos e Educación